

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS CÁTEDRA OESÍA AOS MELLORES TRABALLOS ACADÉMICOS NO CURSO 2024/2025

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h) dos Estatutos da Universidade, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Cátedra Oesía na Universidade de Vigo está comprometida, como se dispón no convenio marco firmado entre o Grupo Oesía e a Universidade, na potenciación de todas as actividades que contribúan a desenvolver, difundir e aplicar as novas tecnoloxías, así como seu impacto en diferentes áreas como a economía, a seguridade, a comunicación, etc., coa sociedade da información como horizonte. De forma especial, ambas entidades buscan promover a formación dos xoves profesionais nestas áreas.

Ambas as dúas entidades están comprometidas e interesadas na implantación, activación e difusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030, en especial, aqueles vencellados coa aplicación das tecnoloxías e a innovación sostible que contribúan o desenvolvemento dos obxectivos ODS.

Vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade*,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, Premios ao mellor Traballo Fin de Grao, Traballo Fin de Máster e Tese de Doutoramento que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PREMIOS DA CÁTEDRA OESÍA AOS MELLORES TRABALLOS ACADÉMICOS**1. OBXECTO**

Promover a excelencia académica e investigadora en áreas clave para o desenvolvemento tecnolóxico e empresarial recoñecendo os mellores Traballos fin de Grao (TFG), Traballos fin de Máster (TFM) e Teses de Doutoramento (TD) neste eido.

Convócanse 3 premios:

- 1 premio ao mellor TFG
- 1 premio ao mellor TFM
- 1 premio a mellor Tese de doutoramento

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) O seu TFG, TFM ou TD debe aliñarse coas liñas de interese da Cátedra: sistemas de antenas, simulación electromagnética, radar, satélite, fotónica, cuántica, intelixencia artificial aplicada a comunicacións, redes 5G/6G e radiocomunicacións en xeral.

b) No caso dos premios TFG TFM: deberá cumprir os seguintes requisitos adicionais:

1. Superar o TFG ou TFM na Universidade de Vigo entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de xuño de 2025 nalguna das seguintes titulacións:
 - a. Grao en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación
 - b. Grao en Enxeñería Aeroespacial
 - c. Máster Universitario en Enxeñería de Telecomunicación
 - d. Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica
 - e. Máster Internacional en Visión por Computador
 - f. Máster Universitario en Enxeñería Aeronáutica
 - g. Máster Universitario en Sistemas Aéreos non Tripulados
2. Ter nota media expediente igual ou superior a 7.
3. Obter unha cualificación do TFG ou TFM igual ou superior a 7.

c) No caso dos premios a tese de doutoramento deberá cumprir os seguintes requisitos adicionais:

1. Defender e superar a tese de doutoramento na Universidade de Vigo entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de xuño de 2025 nalgún dos seguintes Programas de doutoramento:
 - a. Tecnoloxías da Información e as Comunicacións
 - b. Tecnoloxía Aeroespacial Enxeñaría Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica
 - c. Láser, Fotónica e Visión



d. Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

2. Obter unha cualificación na tese de sobresaínte.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

Estes premios son incompatibles con calquera outro da mesma natureza e finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación 2025 0000121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 2.550 euros para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual dos premios será:

- mellor TFG cun importe de 500€
- mellor TFM cun importe de 800€
- mellor Tese de doutoramento cun importe de 1.250€

Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** dispoñible na Secretaría Virtual da Universidade https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14786 **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “Premios cátedra Oesía”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados/as neste procedemento (artigo 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitarase que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **15 de setembro de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

- Resumo do traballo (máximo 600 palabras), explicando a súa relevancia para as liñas de interese da convocatoria.
- Descrición do impacto alcanzado (difusión en medios, publicacións, transferencia).
- Copia en formato pdf do TFG, do TFM ou da TD ou enlace ao repositorio.
- Informe da persoa directora do traballo/tese de doutoramento acerca do cumprimento do requisito de que a temática do traballo ou tese está relacionada coas liñas de interese da cátedra.



Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A sección de Axudas e Bolsas, logo de o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Orixinalidade y complexidade: **máximo 25 puntos**.
2. Adecuación as liñas de interese de la Cátedra: **máximo 20 puntos**.
3. Resultados obtidos: **máximo 25 puntos**.
4. Impacto y transferencia a la industria: **máximo 15 puntos**.
5. Presentación y claridade: **máximo 15 puntos**.

As solicitudes serán ordenadas segundo a puntuación total, en caso de empate, terán preferencia as solicitudes con nota de expediente mais alta.

Para optar aos premios deberá acadarse unha puntuación mínima de **75 puntos**.

A Comisión de avaliación dos premios estará composta por:

Presidente: Marcos Arias Acuña, profesor do Departamento de Teoría do sinal e comunicacións da Universidade de Vigo

Vogais: Manuel García Sánchez, profesor do Departamento de Teoría do sinal e comunicacións da Universidade de Vigo

Jaime Suarez García, Responsable de Investigación en Instar

Miguel Angel Solis Gallego, Responsable de Transferencia Tecnológica en Instar

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación e para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na secretaría virtual dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.



6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle ao Reitor quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento.

As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa premiada debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

9. PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual do traballo premiado e a propiedade material dos documentos que o integran corresponden ao autor/a do mesmo. A Cátedra Fundación Oesía da UVigo poderá difundir con fins publicitarios o título, resume e autor do traballo premiado.

10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro destes premios:



- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>

